

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (VIDEOACTA en: sede.vilagacia.gal)
CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 29 de xuño de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 25 de maio de 2017.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes maio de 2017.
3. Toma de coñecemento do acordo do Consello Político Nacional de EU polo que se decidiu a expulsión de D. Miguel Alves Lago da organización política de EU.
4. Toma de coñecemento do informe de Secretaria e Interventora en relación coa expulsión de D. Miguel Alves Lago da organización política de EU e a súa nova condición de concelleiro non adscrito e repercusións na organización corporativa
5. Toma de coñecemento da nova composición do grupo político municipal de EU, así como da designación de voceiros
6. Toma de coñecemento da representación do grupo político municipal de EU nas Comisións Informativas e diversos órganos colexiados.
7. Aprobación, se procede, da modificación da composición das Comisións Informativas de Economía, Facenda e Especial de Contas e de Urbanismo e Servizos, así como da dotación económica do grupo político de EU.
8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
9. Aprobación, se procede, de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 03/REC/2017, por importe de 29.184,65 €.
10. Aprobación, se procede de expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescripción N° 01/MSI/2017 por importe total de 292,00 €
11. Aprobación inicial, se procede do Regulamento Municipal de uso e funcionamento das instalacións culturais de Vilagarcía de Arousa.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, sobre o plan de mellora dos camiños rurais.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para a atención das necesidades nos centros de ensino público de Vilagarcía de Arousa.
14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU en defensa dos centros de ensino público de Vilagarcía.

15. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU polo corte de electricidade das obras de ALCAMPO.
16. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación co arranxo urxente dos problemas de inundacións provocados polas deficiencias da rede de pluviais na Rúa O Freixo, Vilaxoán.
17. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre o traslado do transformador de Fenosa do lugar do Pedroso (Bamio).
18. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
19. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
20. Rogos e preguntas.
21. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25 DE MAIO DE 2017.- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 25 de maio de 2017.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MAIO DE 2017: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

- 1 Recoñecemento de obrigas
- 1 Aprobación Expte. De modificación de créditos de transferencia de créditos

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE MAIO 2017:

- | Nº | DESCRIPCIÓN |
|-----------|--|
| 5 | Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística. |
| 2 | Imposición de multa coercitiva por incumplimento de resolucións |
| 1 | Concesión de prazo de oito días para presentación de alegacións expediente de reposición da legalidade urbanística |
| 1 | Ode de limpeza de parcela |
| 1 | Desestimación parcial de alegacións orde presentación informe-ditame de seguridade |
| 1 | Declaración caducidade do procedemento de reposición da legalidade urbanística e incoación novo expediente |
| 1 | Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística |
| 6 | Concesión de licenza de obra maior |
| 1 | Declaración de ineficacia da comunicación previa presentada para obra menor |
| 10 | Concesión de licenza para canalización |
| 1 | Concesión desestímulo solicitado de local destinado a restaurante |
| 3 | Concesión de licenza para instalación de terraza |
| 2 | Concesión de prórroga para execución de obra maior |
| 1 | Concesión de licenza para segregación |
| 3 | Concesión de licenza para conexión de auga e/ou saneamento |
| 21 | Aceptación de comunicación previa para obra menor |
| 5 | Concesión de legalización de obras |
| 10 | Aceptación de comunicación previa para inicio e exercicio de actividade |
| 3 | Aprobación Expte. De modificación de créditos de transferencia de créditos |

- 1 Recoñecemento de obrigas
- 1 Aprobación Expte. De modificacións de créditos de incorporación de remanentes
- 4 Iniciación procedemento sancionador por infracción de horario de peche
- 4 Estimación alegación vulneración dereito de defensa en procedemento sancionador infracción horario peche
- 1 Concesión de prazo para retirada de maquinaria por orde de precinto
- 2 Autorización para realización de concertos/espectáculos ao aire libre
- 1 Denegación instalación barra exterior
- 5 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos.
- 26 Concesión/denegación de compensación de débito e crédito
- 1 Aprobación prego de condicións para concertación préstamo bancario
- 5 Orde de pago de facturas
- 1 Concesión de suspensión de pago de liquidacións ata resolución recurso interposto
- 6 Orde representación e defensa dos intereses do Concello exercida por letrado en procedemento xudicial
- 17 Confirmación íntegra resolución recaída en expediente sancionador de tráfico
- 4 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Concesión tarxeta de armas
- 1 Aprobación expediente de contratación explotación quiosco-bar Praia compostela
- 3 Aprobación gasto publicación anuncio DOG ou BOP
- 6 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 1 Nomeamento de funcionarios en prácticas
- 2 Aprobación bases selección de persoal
- 1 Orde compensación pago mensual nómina de empregado a devolución do importe pendente por salarios percibidos en exceso.
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 3 Concesión de gratificación especial por substitución temporal postos de traballo de nivel superior
- 1 Concesión de fraccionamento de aboamento diferenza salarial retribucións a empregado municipal
- 2 Designación Interventora Acctal.
- 1 Substitución Presidenta do Tribunal para selección dun Grao en Maxisterio
- 1 Aprobación gasto Plan de Pensións do mes de abril
- 1 Nomeamento a Policía Local como encargado do armamento e munición do Servizo de Policía Local

TOTAL: 184

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DO ACORDO DO CONSELLO POLÍTICO NACIONAL DE EU POLO QUE SE DECIDIU A EXPULSIÓN DE D. MIGUEL ALVES LAGO DA ORGANIZACIÓN POLÍTICA DE EU.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito do Secretario de Organización de Esquerda Unida comunicando que o Consello Político Nacional de Esquerda Unida o pasado 29 de abril decidiu a expulsión da organización de D.

MIGUEL ALVES LAGO polo que solicitan ao Concello de Vilagarcía a non adscrición do Concelleiro Miguel Alves Lago ao Grupo Municipal de Esquerda Unida de Vilagarcía de Arousa.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

4. TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE SECRETARIA E INTERVENTORA EN RELACIÓN COA EXPULSIÓN DE D. MIGUEL ALVES LAGO DA ORGANIZACIÓN POLÍTICA DE EU E A SÚA NOVA CONDICIÓ DE CONCELEIRO NON ADSCRITO E REPERCUSIÓNS NA ORGANIZACIÓN CORPORATIVA: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do informe emitido pola Secretaria e Interventora Municipal coa data de 9 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Visto o escrito presentado por D. Rubén Pérez dando conta da expulsión de D. Miguel Alves Lago da formación política EU, así como a comunicación presentada por D. Jesús López Rodríguez, voceiro do grupo político municipal de EU sobre a adaptación da representación institucional do grupo, en relación con ámbos escritos emítense o seguinte

INFORME

O 7 de xullo de 1998 foi suscrito, entre o Ministerio de Administracións Públicas e os representantes de todos os partidos políticos do arco parlamentario, o «Acordo sobre un Código de Conduta Política en relación co Transfuguismo nas Corporacións Locais». O devandito acordo analiza os efectos inmediatos que recaen sobre a gobernabilidade cando se altera a representación política na mesma lexislatura e cambia a relación de forzas políticas xurdidas das urnas.

Ante esta situación, os distintos partidos asinantes aprobaron un Código de Conduta con 11 puntos, entre os cales se atopan criterios tendentes a dificultar o chamado «transfuguismo», de forma que os Concelleiros que abandonen os grupos ou agrupacións das candidaturas nas que resultaron elixidos, non pasen ao Grupo Mixto, senón que se organicen como «concelleiros non adscritos» a ningún grupo municipal, é dicir, constituiríanse como independentes, actuando de forma illada sen poder optar tampouco aos beneficios económicos nin políticos dos que gozarían se se mantivesen na formación política pola que foron elixidos.

O citado Acordo deu lugar a unha regulación legal dos chamados concelleiros «non adscritos» contemplada na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, que modificou o apartado terceiro do artigo 73 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no sentido seguinte:

A efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiránse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigacións que se establezan con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.

(...) Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o Regulamento Orgánico de cada corporación.

Esta previsión non será de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cando algún dos partidos políticos que a integren decida abandonala.

(...) Cando a maioría dos concelleiros dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados da mesma, serán os concelleiros que permanezan na citada formación política os lexítimos integrantes do devandito grupo político para todos os efectos. En calquera caso, o secretario da corporación poderá dirixirse ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura a efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.

Este Acordo do ano 1998, foi posteriormente renovado o 26 de setembro de 2000, o que constituíu a primeira adición ao mesmo.

Seis anos máis tarde, o 23 de maio de 2006, o Ministro de Administracións Públicas, Sr. Sevilla, presidiu a firma do novo «Pacto Antitransfuguismo».

Volvendo ao art. 73 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local o único que deixa claro é que os corporativos non adscritos son os que non se integran no grupo político da formación electoral pola que foron elixidos ou abandonen o seu grupo de procedencia..

Partindo desa premisa, terán a consideración de membros non adscritos das corporacións locais:

- Aqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos. Este suposto resulta o máis evidente: o corporativo que non se integre no grupo político que constituían os membros da lista electoral pola que concorreu ás eleccións terá a consideración de non adscrito.

- Os que abandonen o seu grupo de procedencia. Sobre este suposto si que se expuxeron dúbidas ao redor de se a expresión abandono incluía a aqueles concelleiros que eran expulsados do seu grupo político. Se o abandonan voluntariamente a situación é clara, pero se son expulsados polos seus compañeiros, en razón ao principio de funcionamento democrático dos grupos, a cuestión é dubidosa posto que a expresión abandono indica voluntariedade, mentres que na expulsión non a hai.

Con todo, a Xurisprudencia salvou esa posibilidade integrando a expulsión non neste apartado senón no anterior. A non integración alcanza non só aos corporativos que non se integren no momento da constitución senón que, indo un paso máis aló, alcanzaría a todos aqueles supostos distintos ao abandono voluntario, polos cales un concelleiro non se integre voluntaria ou involuntariamente no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos, entre os cales estaría a expulsión.

Neste sentido pronunciouse en varias ocasións o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (por todas a Sentenza do 6 de marzo de 2007) tentando dar unha solución a unha cuestión polémica.

- Cando a maioría dos concelleiros dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados da mesma. Neste suposto, os concelleiros expulsados ou que abandonasen a formación política pasarán á condición de non adscritos e serán os concelleiros que permanezan na citada formación política os lexítimos integrantes do devandito grupo político para todos os efectos.

Afirma o art. 73.3: «Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico de cada corporación».

Para o estudo deste precepto debe facerse unha distinción. Dun lado estarían todos aqueles dereitos derivados da pertenza a un grupo municipal, como pode ser a achega económica para o seu funcionamento, a atribución de despachos en dependencias municipais ou, se o Regulamento Orgánico Municipal así o prevé, a asistencia do portavoz do grupo político á Xunta de Portavoces. O non adscrito non vai poder exercer ningún destes dereitos en tanto deixou de pertencer a un grupo. O Tribunal Constitucional na súa Sentenza 169/2009 do 9 de xullo establece esta posibilidade entendendo que non afecta o contido esencial do art. 23 da Constitución.

En canto ao resto dos dereitos económicos e políticos dos non adscritos, non vinculados á pertenza a un grupo político, o art. 73.3 di que non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permanecer no grupo de permanencia. Con todo, esta afirmación foi matizada, de forma moi importante, polo Tribunal Constitucional.

Esta doutrina constitucional imponse como parámetro necesario de interpretación do art. 73.3 da LBRL de tal forma que os non adscritos non poderán adquirir máis dereitos políticos ou económicos dos que lles corresponderían de permanecer no seu grupo de procedencia, co cal van ter os propios do seu estatuto contido nos arts. 73 e ss. da LBRL, no ROF e, no Regulamento Orgánico Municipal. Entre eles asistir, debater e votar nos Plenos, presentar mocións e escritos, controlar a acción do goberno... Pero, ademais, calquera eventual minoración que puidese levar o seu paso á condición de non adscrito que se prevexa tanto na Lei como nas normas de organización municipais deberá respectar o núcleo da súa función representativa, posto que este é consecuencia directa da Constitución e imponse como barreira insuperable.

Os concelleiros non adscritos, como consecuencia do exposto, teñen dereito a cobrar por asistencia a Plenos, Comision, etc. pero non poden percibir subvencións como grupo.

E da aplicación desta doutrina ao art. 73.3 da LBRL, en relación coas Comisións Informativas xurdiron dúas sentenzas: a xa comentada 169/2009 e a máis recente 20/2011 ratificadas posteriormente, que consideran que vulnera o art. 23 da CE o convocar aos concelleiros non adscritos a todas as comisións informativas con voz pero sen voto. O TC entende que non deixarles votar vai entorpecer e dificultar a posterior defensa das súas posicións políticas no Pleno, afirmando a transcendencia das comisións como fase de estudo e elaboración de propostas.

Non obstante o TC, en relación coa presenza en todas as comisións informativas, tenta matizar a súa afirmación dicindo: «do anterior non se deriva que os concelleiros non adscritos teñan dereito a que o seu voto compute nos mesmos termos que o dos membros da comisión informativa adscritos a grupo. Se así fóra, tendo en conta que a comisión informativa é unha división interna do Pleno da corporación, os seus membros non adscritos gozarían no seu seo dunha posición de sobrerrepresentación. Tal e como sinalamos na STC 32/1985, do 6 de marzo, "a composición non proporcional das Comisións informativas resulta constitucionalmente inaceptable porque estas son órganos só en sentido impropio e en realidade meras divisións internas do Pleno", de tal maneira que, en "canto partes do Pleno deben reproducir, en canto sexa posible, a estrutura política deste". Esta esixencia desprega os seus efectos tanto para garantir os dereitos de participación política das minorías, que é o que se cuestionaba na citada Sentenza, como no sentido oposto, é dicir, para evitar a materialización do risco de sobrerrepresentación da minoría que se deriva do dereito de participación directa nas comisións informativas que corresponde aos membros non adscritos da corporación. Por esta razón, xa sexa a través das normas que regulen a organización e funcionamento da corporación, ou do propio acordo a través do cal se materialice o disposto no art. 73.3, haberán de adoptarse as disposicións organizativas que procedan para garantir que o dereito dos concelleiros non adscritos a participar nas deliberacións e a votar nas comisións informativas non altere a citada esixencia de proporcionalidade».

Obviamente se os corporativos non adscritos teñen que estar nas comisións tería que alterarse a súa composición para manter a proporcionalidade.

Hoxe día, o recoñecer aos membros non adscritos o dereito para integrarse en todas as Comisións do Pleno rompería a proporcionalidade que os devanditos concelleiros teñen no Pleno. Consolidada xurisprudencia ten declarado que unha composición non proporcional das mesmas resulta constitucionalmente inaceptable, ao tratarse de divisións internas do Pleno. Proporcionalidade que, naturalmente, non implica a necesidade que cada unha das Comisións sexa reprodución exacta, a escala menor, do Pleno municipal (STS 17 decembro 2001).

Todo iso ten sentido, sobre todo se temos en conta que os membros «non adscritos» non poderán mellorar a súa situación anterior ao abandono do grupo municipal de orixe en canto á súa participación nas Comisións, de tal maneira que un novo reparto proporcional na composición das Comisións nin pode prexudicar ao grupo político que sufriu a súa diminución de efectivos por razón de transfuguismo, nin beneficiar ao concelleiro non adscrito máis do que supoñía a súa situación anterior.

É dicir, non existe un dereito do concelleiro non adscrito a participar en todas e cada unha das Comisións Plenarias, e o grupo municipal que sufra diminución pola acción do tráfuga non deberá ver reducida a súa participación nas mesmas sen que implique vulneración algunha nos dereitos individuais do concelleiro.

Non poderá tampouco, o concelleiro non adscrito, do mesmo xeito que se menciona no novo Pacto Antitransfuguismo, participar na Xunta de Portavoces, pois a referida Xunta só pode ser constituída polos portavoces dos grupos políticos municipais. Non contará tampouco con achega municipal para o seu funcionamento, nin con despacho municipal. Cobrará por asistencia a Plenos, Comisión, poderá asistir, debater e votar nos Plenos, presentar mocións, escritos, etc.

Polo exposto procedería, adoptar os seguintes acordos, previa proposta de Alcaldía e a súa posterior aprobación polo Pleno:

1) Tendo en conta que a única Comisión Informativa da que forma parte na actualidade o concelleiro D. Miguel Alves Lago é a Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, a futura composición das Comisións Informativas existentes no Concello de Vilagarcía de Arousa, acorde coas actuais porcentaxes de representación, de forma que ningún grupo político sexa perxudicado, nin o concelleiro non adscrito resulte beneficiado, máis do que supoñería a súa situación anterior, sería a seguinte: (se adxunta ao presente informe Anexo onde quedan acreditados as porcentaxes e a proporcionalidade)

Composición definitiva das Comisións Informativas a partir do 1 de xullo de 2017:

- Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade: 13 membros
- Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos: 13 membros
- Comisión Informativa de Educación, Xuventude e Promoción Económica: 13 membros
- Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas: 14 membros, distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORIA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago

2) A dotación económica do grupo de EU pasa a ser a seguinte , a partir do día 1 de xullo de 2017:

EU: 2 concelleiros: compoñente fixo 300€, compoñente variable 300€ por concelleiro: total mensual 900€

3) Tomar coñecemento da nova representación do grupo de EU nas Comisións Informativas e nos órganos colexiados dos que forma parte.

4) Tomar coñecemento do novo status como concelleiro non adscrito do concelleiro D. Miguel Álves Lago e fixar a súa ubicación na sesión plenaria.

5) Así mesmo, como recomendación das que subscriben, debería incluírse no Regulamento Orgánico do Pleno unha regulación expresa desta materia.

Vilagarcía de Arousa, 9 de xuño de 2017

A SECRETARIA XERAL, Asdo. Rosa Losada Suárez

A INTERVENTORA, Asdo. Trinidad Gómez Reiriz

Dáse conta así mesmo do informe complementario de data 23 de xuño de 2017, do seguinte teor:

INFORME COMPLEMENTARIO AO EMITIDO POLA SECRETARIA E INTERVENTORA MUNICIPAL DE DATA 9 DE XUÑO DE 2017

Unha vez remitida a documentación correspondente ás sesións das Comisións Informativas a celebrar o día 26 de xuño de 2017, polo Sr. Alvés Lago ponse de manifesto que ostenta tamén a condición de membro titular da Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos.

En base aos fundamentos recollidos no informe de Secretaría-Intervención de data 9 de xuño de 2017 e unha vez comprobado o manifestado polo Sr. Alves Lago, procedería modificar o apartado 1 do referido informe nos seguintes termos:

“1) Tendo en conta que as Comisións Informativas das que forma parte como titular na actualidade o concelleiro D. Miguel Alves Lago son a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, a Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos e a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica, a futura composición das Comisións Informativas existentes no Concello de Vilagarcía de Arousa, acorde coas actuais porcentaxes de representación, de forma que ningún grupo político sexa prexudicado, nin o concelleiro non adscrito resulte beneficiado, máis do que supoñería a súa situación anterior, sería a seguinte:

Composición definitiva das Comisións Informativas a partir do 1 de xullo de 2017:

a) Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade: 13 membros

b) Comisión Informativa de Educación, Xuventude e Promoción Económica: 14 membros distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORIA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago

c) Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas: 14 membros, distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORIA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago

d) Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos: 14 membros, distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORIA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago”

Quedando invariable os restantes termos do citado informe de data 9 de xuño de 2017.

A SECRETARIA XERAL, Asdo. Rosa Losada Suárez

A INTERVENTORA, Asdo. Trinidad Gómez Reiriz

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

5. TOMA DE COÑECEMENTO DA NOVA COMPOSICIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, ASÍ COMO DA DESIGNACIÓN DE VOCEIROS: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da comunicación realizada por D. Jesús López Rodríguez, voceiro de EU, indicando a nova composición do grupo político municipal de EU-SON, formado do seguinte xeito:

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ..... con DNI nº 35462177H

Dona MARÍA MOSQUERA LEAL..... con DNI nº 35463420L

Así mesmo comunican a designación como voceiro a D. Jesús López Rodríguez e voceira suplente Dona María Mosquera Leal.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6. TOMA DE COÑECEMENTO DA REPRESENTACIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DIVERSOS ÓRGANOS COLEXIADOS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado polo Grupo Municipal de EU sobre a designación de representantes nos órganos colexiados, quedando a representación nos órganos colexiados que se citan a continuación tal e como se expresa:

COMISIÓNS INFORMATIVAS:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS (2):

Tit. D. Jesús López Rodríguez

Tit. Dona María Mosquera Leal

COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE(2):

Tit. D. Jesús López Rodríguez

Tit. Dona María Mosquera Leal

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SERVIZOS (2):

Tit. D. Jesús López Rodríguez

Tit. Dona María Mosquera Leal

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, XUVENTUDE E PROMOCIÓN ECONÓMICA (2):

D. Jesús López Rodríguez

Tit. Dona María Mosquera Leal

CONSELLO ESCOLAR DOS CENTROS DE EDUCACIÓN:

IES Castro Alobre Dona María Mosquera Leal

IES Miguel Angel González Estévez.....D. Jesús López Rodríguez

IES Armando Cotarelo ValledorD. Jesús López Rodríguez

CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

Dona María Mosquera Leal.

FUNDACIÓN FEXDEGA:

D. Jesús López Rodríguez

CONSELLO LOCAL DE CONSUMO:

Dona María Mosquera Leal

CONSELLO CONSULTIVO ECONÓMICO E SOCIAL

D. Jesús López Rodríguez

**COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DO:
ACORDO MARCO e CONVENIO COLECTIVO:**

Acordo Marco: D. Jesús López Rodríguez

Convenio Colectivo: D. Jesús López Rodríguez

COMISIÓN DE CONTROL DO PLAN DE PENSÍONS

Dona María Mosquera Leal

CONSELLO VECIÑAL

D. Jesús López Rodríguez

COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

D. Jesús López Rodríguez

CONSELLO LOCAL DA MULLER

Tit. Dona María Mosquera Leal Sup. Dona M^a Dolores Miramontes Piñón

F.P.S.D.M.

Tit. D. Jesús López Rodríguez..... Sup. Dona María Mosquera Leal

MESA LOCAL DE COMERCIO

Dona María Mosquera Leal

CONSELLO LOCAL DA TERCEIRA IDADE

Tit. Dona María Mosquera Leal Sup. Dona M^a Dolores Miramontes Piñón

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS E DE URBANISMO E SERVIZOS, ASÍ COMO DA DOTACIÓN ECONÓMICA DO GRUPO POLÍTICO DE EU.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor seguinte:

Tendo en conta os informes emitidos pola Secretaria e Interventora Municipal os días 9 e 23 de xuño de 2017, en relación coa expulsión de D. Miguel Alves Lago da organización política de EU e a súa nova condición de concelleiro non adscrito e repercusións na organización corporativa, propónse ao Pleno da Corporación o seguinte:

As Comisións Informativas das que forma parte na actualidade o Concelleiro D. Miguel Alves Lago e a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, a Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos e a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica, polo que a futura composición das Comisións Informativas existentes no Concello de Vilagarcía, acorde coas actuais porcentaxes de representación, de forma que ningún grupo político sexa prexudicado, nin o Concelleiro non adscrito resulte beneficiado, mais do que supoñería a súa situación anterior, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1) Composición definitiva das Comisións Informativas a partir do 1 de xullo de 2017:

a) Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade: 13 membros (sen cambios na Composición)

b) Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica: 14 membros, distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORÍA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago.

c) Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos: 14 membros, distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORÍA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago.

c) Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas: 14 membros, distribuídos da seguinte forma:

- 5 (PSOE)
- 4 (PP)
- 2 (EU)
- 1 (BNG)
- 1 (SOMOS MAIORÍA)
- 1 Concelleiro non adscrito: D. Miguel Alves Lago.

2) A dotación económica do grupo de EU pasa a ser a seguinte, a partir do día 1 de xullo de 2017:

EU: 2 Concelleiros, compoñente fixo 300,00 €; compoñente variable 300 € por concelleiro: Total mensual 900 €

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da composición das Comisións Informativas así como da dotación económica do grupo municipal de EU.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2), nove abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (6), EU (2) e Somos Maioría (1), e un voto en contra, do concelleiro non adscrito D. Miguel Alves Lago (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a modificación da composición das Comisións Informativas así como da dotación económica do grupo municipal de EU tal e como figura na Proposta da Alcaldía transcrita anteriormente.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada unha solicitude de participación por parte de Dona Veronica María Maneiro Casal, en nome da Coordinadora de Nais e Pais dos Centros Educativos Públicos de Arousa.

A seguir altérase a Orde do Día do Pleno, pasando a tratar a continuación os puntos 13 e 14 da mesma.

- Intervén Dona Verónica M^a Maneiro Casal.

13. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES NOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 20 de xuño de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES NOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO EN VILAGARCIA DE AROUSA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O ensino publico supón a base para unha sociedade máis xusta e avanzada, por este motivo os gobernos deberan procurar os medios necesarios para garantir unha educación universal, gratuíta e de calidade.

Pola contra a día de hoxe estamos a ver como se vai deteriorando o mesmo; e como contrariamente o que debера ser, dende os distintos gobernos do PP se están a detraer medios do ensino público mentras se aumentan ao privado, propiciando deste xeito un ensino para ricos en detrimento dos que menos teñen, e rompendo así co principio de igualdade que debe prevalecer nunha sociedade democrática, xusta e avanzada.

Neste senso, no concello de Vilagarcía de Arousa, estes recortes ao ensino público están a repercutir nos centros educativos que veñen sufrindo ano tras ano carencias tanto de medios humanos como de infraestruturas.

Deste xeito tanto as ANPAS, como a coordinadora de ANPAS, como tamén as direccións e comunidades educativas dos propios centros veñen reclamando da Consellería de Educación da Xunta a atención as distintas carencias e problemáticas que se están a padecer nos distintos centro educativos públicos do noso concello. Demandas que se consideran prioritarias para garantir unhas mínimas condicións na calidade do ensino e que se axuntan nesta moción.

Dende o BNG entendemos necesario que por parte dos gobernos do PP nas distintas administracións, e sobre todo dende a Xunta, se cambien as políticas de recortes que se esta a aplicar o ensino público e se garantan os medios necesarios para que este poida ser un ensino universal, público e de calidade como debera, e neste senso se tomen as medidas de forma urxente, e de cara ao comezo do próximo curso lectivo, que dende a coordinadora de ANPAS se están a reclamar. Entendemos que non é de recibo soportar por máis tempo esta política de acoso e derribo ao ensino público e aos dereitos da gran maioría social máis desfavorecida para favorecer o negocio e as diferenzas sociais nun dereito tan básico e necesario como é o do ensino e reclamamos medidas que garantan a súa calidade.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicitamos deste Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

1. Instar a Consellería de Educación da Xunta de Galiza a atender as demandas e reclamacións realizadas pola coordinadora das ANPAS de Vilagarcía de Arousa para as melloras necesarias nos distintos centros educativos públicos deste concello e a súa solución antes do comezo do novo curso escolar 2017-2018.

2. Darlle solución, por parte do concello, aos temas que poidan ser da súa competencia nestes centros .

Vilagarcía de Arousa, a 19 de xuño do 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción do BNG para a atención das necesidades nos centros de ensino público de Vilagarcía de Arousa.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a atención das necesidades nos centros de ensino público de Vilagarcía de Arousa e:

1. Instar a Consellería de Educación da Xunta de Galiza a atender as demandas e reclamacións realizadas pola coordinadora das ANPAS de Vilagarcía de Arousa para as melloras necesarias nos distintos centros educativos públicos deste concello e a súa solución antes do comezo do novo curso escolar 2017-2018.
2. Darlle solución, por parte do concello, aos temas que poidan ser da súa competencia nestes centros .

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU EN DEFENSA DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE VILAGARCÍA.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de EU coa data de 20 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN EN DEFENSA DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE VILAGARCÍA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez, e por desgraza seguramente non será a última, que traemos a Debate do Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa, os problemas que están a xurdir nos diferentes Centros Educativos de Vilagarcía. Todos eles con causa nas políticas desenvolvidas dende o Goberno da Xunta de Galicia de desincentivar o Ensino Público pola vía de desinversión no mantemento correcto das instalacións, e pola redución do número de docentes nos centros, para traer en consecuencia unha merma da calidade do Ensino Público. O mesmo tempo mantense a inversión, incluso se incrementan as partidas Orzamentarias destinadas aos centros concertados e mesmo aos Privados, deixando clara a aposta do Partido Popular de crear e fomentar a existencia de un modelo de educación, que aposta por garantir unha boa educación a quen ostenta determinado poder adquisitivo, e outra educación para aquelas familias con ingresos económicos mellores as que se lle pretende ofertar unha educación de mínimos, case que de beneficiencia, para maior "Gloria" dos que non creen na igualdade de oportunidades, ou para quen por un lado din que se Debe Respetar a "Carta Magna" e logo rompen, ca súa forma de proceder, cos principios de igualdade que atañen tamén ao relativo aun acceso a educación cas máximas garantías e capacidades. Pero si preocupante é o feito de por si de deixar de invertir no Ensino Público e seguir favorecendo a empresa privada do Sector, pois nos privan dos docentes e especialistas necesarios e acordes ao volume e intensidade da demanda nos centros. Poderíase calificar de deixadez, case que con repercusións penais, o

deito de consentir centros que non cumpren cun mínimo de garantía de salubridade, ou condicións de temperatura axeitada para que nelas estuden nenas e nenos sen risco a enfermarse, ben por baixas ou altas temperaturas nos centros educativos.

Todas estas situacións non son alleas aos Centros de Vilagarcía, que com xa dixemos ao principio, xa foderon obxecto de debate neste Pleno, pero nestes días pasados, volvemos a contemplar como un ANPA dun Colexio vese obrigado a mobilizarse para reclamar a dotación de persoal docente necesario para garantir unha correcta atención aos alumnos e alumnas, concretamente o centro de O Piñeiríño.

Pero e que Antes foi o Colexio de Carril (polo funcionamento do Comedor), O de Vilaxoan (con cuestións de infraestruturas importantes), ambos abordado mediante mocións neste Pleno, e tamén o centro da Escardía que acusa unha deficiencia de atención para os Alumnos e Alumnas con necesidades especiais, e agora o centro de O piñeiríño.

Por desgraza non son os únicos, tamén o Colexio de Rubians, ou o da Lomba presentan necesidades, que son necesarias atallar para que a educación nos centros de Vilagarcía sexa o que ten que ser, de Calidade para toda a poboación estudiatil da nosa Vila. E insistentemente, tamén en condicións de Seguridade axeitada, para o que se fai preciso, que ademais da dotación docente e de especialistas necesaria, se acomentan reformas e actualizacións das infraestruturas para que a Seguridade sexa unha realidade.

Por todo Elo, o Pleno desta Corporación debe esforzarse, co Goberno Local a Cabeza, en que cuestións fundamentais sexan atendidas, e que a Delegación de Educación da Xunta de Galicia deixe de propoñer ideas “peregrinas” e resolva as deficiencias e necesidades destes Centros.

E fundamental, que traballemos xuntos para defender un Ensino Seguro e de Calidade, onde ademais se aposte pola integración dos alumnos e alumnas con necesidades especiais, e para elo, dende o Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía Propón ao Pleno a adopción dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ao Grupo de Goberno a que solicite unha xuntanza ca Consellería de Educación, ou a súa delegación en Pontevedra para abordar as necesidades do conxunto dos centros educativos de Vilagarcía. Xuntanza que contará ca participación de todos os Grupos municipais que así o desexen, así como unha representación da Coordinadora de Anpas de Vilagarcía.

2.- Trasladar nesa xuntanza, a necesidade de:

.- Dotar aos Centros educativos dos profesionais necesarios para atender ao alumnado con necesidades educativas de apoio específico.

.- Reorganizar as rutas de transporte que afecten a alumnos de educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato, contando coas necesidades dos centros e as familias.

.- Renovar as instalacións obsoletas (cañerías, alumeado, fiestras, teitos e cubertas, etc) e revisar se existe amianto ou outros materiais perigosos para a saúde.

.- Dotar de comedores escolares aos centros que o precisen e adaptar os horarios dos mesmos, e os de entrada e saída ás necesidades comúns das familias, para favorecer o máximo posible unha conciliación familiar real.

Garantir que as Aulas estean debidamente acondicionadas para o desenvolvemento das actividades educativas.

3.- Instar a Representación de todos os partidos políticos no Parlamento de Galicia, para elevar a Xunta de Galicia, e a súa Consellería de Educación a prioridade de arranxo de todas as deficiencias apuntadas polas Anpas e polas Direccións dos centros, e a dotación de docentes en base a criterios de necesidade real, e non só de cumprimento duns mínimos legais.

En Vilagarcía de Arousa a 19 de xuño do 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de EU en defensa dos centros de ensino público de Vilagarcía.

O Sr. Alcalde propón a seguinte emenda: retirar o apartado 1 da proposta de acordo da moción de EU.

- O Sr. López Rodríguez acepta a emenda e retira o apartado un da moción.

Sometido a votación o asunto coa emenda, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal de EU en defensa dos centros de ensino público de Vilagarcía e:

1.- Trasladar á xuntanza coa Consellería de Educación, a necesidade de:

.- Dotar aos Centros educativos dos profesionais necesarios para atender ao alumnado con necesidades educativas de apoio específico.

.- Reorganizar as rutas de transporte que afecten a alumnos de educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato, contando coas necesidades dos centros e as familias.

.- Renovar as instalacións obsoletas (cañerías, alumeado, fiestras, teitos e cubertas, etc) e revisar se existe amianto ou outros materiais perigosos para a saúde.

.- Dotar de comedores escolares aos centros que o precisen e adaptar os horarios dos mesmos, e os de entrada e saída ás necesidades comúns das familias, para favorecer o máximo posible unha conciliación familiar real.

Garantir que as Aulas estean debidamente acondicionadas para o desenolo das actividades educativas.

2.- Instar a Representación de todos os partidos políticos no Parlamento de Galicia, para elevar a Xunta de Galicia , e a súa Consellería de Educación a prioridade de arranxo de todas as deficiencias aptadas polas Anpas e plas Direccións dos centros, e a dotación de docentes en base a criterios de necesidade real, e non só de cumprimento duns mínimos legais.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 03/REC/2017, POR IMPORTE DE 29.184,65 €.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía do seguinte teor:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

-Expedientes de gastos realizado no exercicio 2016 dos que as facturas/xustificacións foron recibidas no rexistro contable ano 2017.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas **Nº F/2017/21 cun importe de 21.090,15€; F/2017/29 cun importe de 6.570,18€ e F/2017/46 cun importe de 1.524,32€** anexas á providencia de alcaldía, para afrontar estes gastos por un importe total de **29.184,65euros**.

Tendo en conta que esta alcaldía considera necesario proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de obras, servizos e subministracións efectivamente realizados, en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos de estabilidade e período medio de pago marcados no Plan de Axuste do Concello de Vilagarcía.

Logo de ver o Informe de Intervención, **Ref. CV-141/2017** no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos **Nº 02/REC/2017** por importe de **29.184,65euros**, con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas na relación anexa á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos **Nº 03/REC/2017**, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de **OPAS Nº D/2017/2** anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de **29.184,65**, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2017, a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, 13 de xuño de 2017
O ALCALDE
Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSOE do informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos nº 03/REC/2017, por importe de 29.184,65 €

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos **Nº 03/REC/2017**, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de **OPAS Nº D/2017/2** anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de **29.184,65**, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2017, a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE SALDOS INICIAIS DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE EJERCICIOS PECHADOS POR PRESCRIPCIÓN Nº 01/MSI/2017 POR IMPORTE TOTAL DE 292,00 €: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Vistos os informes de Intervención e de Tesourería con referencias TES 02/2017 e CV 142/2017 nos que en síntese ponse de manifesto a existencia de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, susceptibles de anulación por prescripción, e en consecuencia a necesidade de adoptar acordos de regularización ou axustes contables, mediante procedemento xeral nos termos da Base 43ª das BEO.

Visto que a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, ICAL en adiante), establece como fins da contabilidade, entre outros, subministrar a información económica e financeira que sexa necesaria para a toma de decisións e establecer o balance da entidade contable, poñendo de manifesto a composición e situación do seu patrimonio, así como as variacións, e determinar os resultados da entidade contable dende o punto de vista patrimonial.

Visto que un dos principios contables públicos da IGAE, é a necesidade de que a información contable reflecta a situación económico financeira da entidade da forma máis razoada e aproximada posible, para conseguir o obxectivo da imaxe fiel.

En consecuencia, en base aos informes técnicos incorporados ao expediente, e co fin de dar cumprimento aos obxectivos contables expostos, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescripción Nº 01/MSI/2017, polos importes conceptos e para os terceiros que de seguido se relacionan:

Nº Operación	Aplicación	Saldo	Texto Libre	Terceiro	IMPORTE PROPOSTO PRESCRIPCIÓN	PGCP	
120160005120	2003 11500	47.809,16	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2003.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	45,65	43100
120160005104	2004 11500	29.309,18	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2004.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	47	43100
120160005086	2005 11500	120.890,27	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2005.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	48,55	43100
120160005071	2006 11500	101.788,55	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2006.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	50	43100
120160005054	2007 11500	148.953,95	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2007.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	50	43100
120160004929	2009 11500	211.601,34	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2009.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	50,80	43100
	TOTAL					292,00	

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no BOP por un prazo de 15 días hábiles co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas en defensa dos seus intereses, transcorrido o prazo sen terse presentado alegacións entenderase definitivamente aprobado, debendo publicarse a elevación do acordo de aprobación inicial a definitiva, en senso contrario se procederá ao estudo das alegacións presentadas para a súa posterior resolución plenaria.

Vilagarcía de Arousa, 13 de xuño de 2017

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSOE do informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescripción nº 01/MSI/2017, por importe total de 292,00 €

- Están ausentes durante a votación Dona Elena Suárez Sarmiento e Dona Lucía Cesar Veloso.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no pleno (18 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescripción N° 01/MSI/2017, polos importes conceptos e para os terceiros que de seguido se relacionan:

Nº Operación	Aplicación	Saldo	Texto Libre	Terceiro	IMPORTE PROPOSTO PRESCRIPCIÓN	PGCP	
120160005120	2003 11500	47.809,16	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2003.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	45,65	43100
120160005104	2004 11500	29.309,18	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2004.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	47	43100
120160005086	2005 11500	120.890,27	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2005.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	48,55	43100
120160005071	2006 11500	101.788,55	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2006.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	50	43100
120160005054	2007 11500	148.953,95	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2007.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	50	43100
120160004929	2009 11500	211.601,34	PADRÓN VEHÍCULOS MECÁNICA 2009.	IMPOSTO TRACCIÓN	SANTIAGO BURES CAAMAÑO	50,80	43100
	TOTAL				292,00		

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no BOP por un prazo de 15 días hábiles co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas en defensa dos seus intereses, transcorrido o prazo sen terse presentado alegacións entenderase definitivamente aprobado,

debedo publicarse a elevación do acordo de aprobación inicial a definitiva, en senso contrario se procederá ao estudo das alegacións presentadas para a súa posterior resolución plenaria.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Incorporanse as Sras. Cesar Veloso e Suárez Sarmiento.

11. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS CULTURAIS DE VILAGARCÍA DE AROUSA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do Regulamento Municipal de uso e funcionamento das instalacións culturais de vilagarcía de Arousa, coa fin de acadar os seguintes obxectivos:

- Utilización racional e ordenada das instalacións municipais garantindo á cidadanía, en igualdade de condicións, o acceso ás instalacións.
- Aproveitamento íntegro e eficiente dos recursos dispoñibles.
- Coordinación de esforzos e actividades.

Pola Sra. Secretaria dáse conta da tramitación do mesmo, que é a seguinte:

- a. Aprobación inicial polo Pleno da Corporación por maioría simple.
- b. Información pública con publicación no B.O.P. e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c. Resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.
- d. A entrada en vigor producirase tras a súa publicación íntegra no B.O.P. e unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles desde esta, polo posible impugnación polo Estado ou a Comunidade Autónoma.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSOE do informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do Regulamento Municipal de uso e funcionamento das instalacións culturais de Vilagarcía de Arousa tal e como figura redactado.

- Incorporase á sesión o Sr. Fole Díaz sendo as 18:20 horas.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) EU (2) BNG (2) e Somos Maioría (1), e oito abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7) e Concelleiro non adscrito D. Miguel Alves Lago (1)

ACÓRDASE: Por maioría

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Regulamento Municipal de uso e funcionamento das instalacións culturais de Vilagarcía de Arousa

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado inicialmente obxecto da proposta no Taboleiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste Regulamento obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidade co disposto no artigo 49 e 70 da L.R.B.R.L.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e entrarán en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE O PLAN DE MELLORA DOS CAMIÑOS RURAIS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 20 de xuño de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN SOBRE O PLAN DE MELLORA DOS CAMIÑOS RURAIS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa ao Plan marco de mellora dos camiños rurais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Medio Rural vén de comunicar aos concellos as previsións de investimento a través do denominado “Plan marco de mellora dos camiños rurais” para o período 2017-2018.

Segundo a información trasladada á FEGAMP desde a propia Consellaría, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dito Plan conta cunha dotación de 15.998.673 euros para dito período de dous anos, a distribuír entre os concellos do país.

A dotación consignada supón unha redución importante na dotación de recursos para levar adiante, en colaboración cos concellos, investimentos necesarios no medio rural de Galiza.

Así, fronte ao antecedente inmediato, o Plan marco de mellora de camiños rurais para 2016, que contaba cunha dotación para un ano de 19.998.100 de euros, redúcense os fondos dispoñíbeis en máis dun 60 por 100. A Consellaría do Medio Rural recorta a asignación indicativa de 13 euros por habitante de 2016, ao pasar agora a 10 euros por habitante para o período bianual, isto é, 5 euros por habitante e ano.

Esta redución deixa ás claras que o medio rural, os investimentos para a súa mellora e desenvolvemento non son a prioridade do Goberno do Partido Popular en Galiza, pois relega investimentos destinados a actuacións que inciden directamente na mellora dos equipamentos e infraestruturas no medio rural, que potencian directamente a base produtiva do agro galego. Dese xeito, con esta política de diminución dos fondos achegados aos concellos para a investimentos no rural, o Partido Popular rexeita manter o necesario esforzo na dotación de fondos públicos para dignificar e mellorar a calidade de vida das persoas que viven no medio rural no noso país e que ademais contribúen a corrixir os desequilibrios territoriais e a fixar poboación no rural.

Esta evolución negativa de fondos para o rural está inserida no desleixo que o Goberno da Xunta de Galiza amosa polo sector agrario no seu conxunto. As consecuencias desa falta de atención polas políticas rurais xa se denunciaron cando o Goberno presidido por Feijoo aceptou un notábel recorte nos fondos do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galiza, que conta cunha dotación económica un 20 por 100 inferior ao orzamento inicial do Programa do período precedente 2007-2013.

As comunicacións realizadas aos concellos coa asignación concreta desvendan a propaganda do Goberno galego, pois a dotación para cada ente local reflicte unha mingua de fondos que en moitos casos terán que presentar proxectos despezados, obras menores, investimentos aillados que non responden a unha estratexia para desenvolver o medio rural galego no camiño de contribuír a frear a actual tendencia.

Por todo iso, o grupo municipal do BNG solicitamos deste Pleno da Corporación de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte acordo:

1º. Instar ao Goberno Galego a:

- a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.
- b) Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.

2º. Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.

Vilagarcía de Arousa, 20 de xuño de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre o plan de mellora dos camiños rurais.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito D. Miguel Alves Lago (1), e sete votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre o plan de mellora de camiños rurais e:

1º. Instar ao Goberno Galego a:

- a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.
- b) Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.

2º. Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU POLO CORTE DE ELECTRICIDADE DAS OBRAS DE ALCAMPO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de EU coa data de 20 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN polo corte de electricidade das obras de Alcampo .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de maio algunhas zonas de Vilagarcía víronse privadas do suministro de Electricidade, en maior ou menor medida a un total de máis de 13.000 usuarios, cun intervalo de tempo que oscila entre os 40 minutos e as 6 horas. Todo elo como consecuencia dunha “manobra” indebida nas obras que se están realizando na Parcela da Antiga MEGASA para a construción do Hipermercado ALCAMPO.

Dicimos “manobra” porque non nos parece casualidade que o mesmo poste que se derruba como consecuencia dos traballos, estaba tamén afectado por unha solicitude de que sexa movido ou retirado pola Compañía encargada da Distribución da Electricidade. Por elo, casualidade ou non, débese investigar se como consecuencia do accidente adiantouse un procedemento que de outra maneira podía levar máis tempo, e que de ser así, non estaríamos ante un accidente, mais ben sobre unha acción de estratexia deliberada e intencionada que carrexou molestias aos veciños e inconvintes económicos a Hostalería, Comercio e pequenas industrias da Vila.

Non podemos esquecer que o suministro de electricidade é básico nos domicilios, del depende a conservación de alimentos e outras tarefas dos fogares, pero para o caso da Hostalería e Comercio, provoca perdas económicas pois en moitos casos non se pode prestar o servizo demandado polos clientes.

Por elo, accidente o acto deliberado, non pode quedar sen a pertinente compensación aos usuarios afectados, domésticos ou profesionais, polo mero feito de verse privados do suministro de electricidade, e que deberá ter a súa repercusión na Factura do servizo. Pero ademais, todas aquelas perdas económicas causadas, ben porque existan produtos que se estropeasen pola falla de enerxía para mantelos conxelados, ben polo tempo de inactividade provocada pola falta de electricidade e que conleva unha redución nas vendas dos establecementos, que deberán ser asumidas pola compañía suministradora, sen demasiadas trabas, pois os feitos son máis que evidentes.

Pero non chegou co feito do Corte de Electricidade, días despois, de forma negligente prodúcese nesta obra outro accidente que nesta ocasión afectou a instalación de Gas Cidade, e que tamén provocou falla de suminstro aos usuarios. Do mesmo Feito débese instar a compañía a que asuma sen trabas a compensación pola falta do servizo, e todos os posibles prexuízos económicos ocasionados.

Por elo, creemos que o Concello debe ter un papel predominante a hora de Garantir que os afectados reciben as compensacións sen ter que empregarse en longos trámites ante as empresas suministradoras, e que sexan estas as que xestionen cos promotores da Obra causante deses prexuízos a compensación e indemnizacións para a empresa suministradoras.

Non é de recibo, que se pretenda agochar todo baixo a figura do accidente Laboral, que como tal debería ser investigado e o Concello ter a información ao respecto froito desa investigación, pois insistimos, non vaia ser que todo sexa unha estratexia para axilizar o traslado dese poste de electricidade, demostrando que estamos ante promotores sen escrúpulos que nada máis que ven os seus beneficios sen impórtalle as consecuencias sobre os veciños e veciñas.

En base aos feitos, dende o Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía Propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes, ACORDOS:

1.- Acadar das empresa suministradoras de Electricidade e Gas, o compromiso de:

.- axilizar as reclamación que os usuarios afectados puidesen interpoñer ante eles, recoñecendo os danos económicos e aboando as pertinentes indemnizacións.

.- Aplicar de facto un desconto na factura do suministro a todos os usuarios privados do servizo, proporcional ao tempo que durou o corte do mesmo.

2.- Recabar toda a información relativa ao accidente, e os informes da investigación do mesmo, e determinar se existiu beneficio posterior ao mesmo, adiantando o traslado do poste eléctrico que resultou danado. De ser así, aplicar se é posible, as pertinentes sancións ao promotor da obra.

En Vilagarcía de Arousa a 19 de xuño do 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de EU polo corte de electricidade das obras de ALCAMPO.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (7), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito D. Miguel Alves Lago (1), e oito votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (8)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal de EU polo corte de electricidade das obras de ALCAMPO e:

1.- Acadar das empresa suministradoras de Electricidade e Gas, o compromiso de:

.- axilizar as reclamación que os usuarios afectados puidesen interpoñer ante eles, recoñecendo os danos económicos e aboando as pertinentes indemnizacións.

.- Aplicar de facto un desconto na factura do suministro a todos os usuarios privados do servizo, proporcional ao tempo que durou o corte do mesmo.

2.- Recabar toda a información relativa ao accidente, e os informes da investigación do mesmo, e determinar se existiu beneficio posterior ao mesmo, adiantando o traslado do poste eléctrico que resultou danado. De ser así, aplicar se é posible, as pertinentes sancións ao promotor da obra.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN CO ARRANXO URXENTE DOS PROBLEMAS DE INUNDACIÓNS PROVOCADOS POLAS DEFICIENCIAS DA REDE DE PLUVIAIS NA RÚA O FREIXO, VILAXOÁN.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 21 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 29 de xuño de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Arranxo urxente dos problemas de inundacións provocados polas deficiencias da rede de pluviais na rúa O Freixo, en Vilaxoán”

EXPOÑEN

Que na rúa O Freixo, en Vilaxoán, os veciños levan tempo demandando unha solución ó grave problema que teñen cada vez que se rexistran precipitacións. A rede de pluviais existente non é quen de absorber e canalizar todo o caudal que se rexistra, e desborda, o que se converte nun serio problema para os residentes da zona.

É preciso acometer a mellora da rede neste punto e de paso comprobar que o resto da zona está en condicións de afrontar as vindeiras épocas de chuvia, xa que o problema vai en aumento. É importante que estes traballos se acometan durante o verán para que dea tempo a que no vindeiro inverno os veciños teñan os problemas de asolagamentos arranxado.

Xa que o problema é evidente e existen recursos económicos dabondo para acometer esta mellora infraestructural por parte do Concello de Vilagarcía, este grupo municipal

SOLICITA

- Que se acometan, de maneira urxente, os problemas de inundacións provocados polas deficiencias da rede de pluviais na rúa do Freixo, para que o vindeiro inverno non se repitan os habituais asolagamentos.

Grupo municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PP en relación coarranxo urxente dos problemas de inundacións provocados polas deficiencias da rede de pluviais en Rúa O Freixo, Vilaxoán.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (7), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito D. Miguel Alves Lago (1), e oito abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (8)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP e que se acometan, de maneira urxente, os problemas de inundacións provocados polas deficiencias da rede de pluviais na rúa do Freixo, para que o vindeiro inverno non se repitan os habituais asolagamentos.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE O TRASLADO DO TRANSFORMADOR DE FENOSA DO LUGAR DO PEDROSO (BAMIO).: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 21 de xuño de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 29 de xuño de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Traslado do transformador de Fenosa do lugar do Pedroso (Bamio)”

EXPOÑEN

Durante o anterior mandato acometéronse os traballos e as negociacións para retirar o transformador de Fenosa situado no lugar do Pedroso (Rúa Muiñeira) de Bamio. O proxecto consistía en anular e retirar o vello transformador dese lugar, por expresa petición dos veciños, e mudalo de ubicación. A Comunidade de Montes de Bamio cedeu uns terreos nos que perfectamente se pode instalar un novo transformador, liberando á veciñanza da rúa Muiñeira da presenza do antigo transformador.

Transcorridos dous anos desde o cambio de goberno o proxecto quedou paralizado, pero as queixas dos veciños seguen presentes. É por tanto o momento de retomar as conversacións con Fenosa para que se dea continuidade a aquel plan de traslado do transformador e coa Comunidade de Montes para que refrende a súa intención de ubicar na parcela cedida o novo transformador.

Por todo o exposto, este grupo municipal

SOLICITA

- Que se retomen as conversacións con Fenosa para o traslado do transformador do lugar do Pedroso, que se retomen as conversacións coa Comunidade de Montes de Bamio para ubicalo na parcela que no seu día cederon para este fin e que se acometa o traslado do transformador, tal e como demandan os veciños.
Grupo municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PP sobre o traslado do transformador de Fenosa no lugar de Pedroso (Bamio)

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (7), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito D. Miguel Alves Lago (1), e oito abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (8)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP e que se retomen as conversas con Fenosa para o traslado do transformador do lugar do Pedroso, que se retomen as conversas coa Comunidade de Montes de Bamio para ubicalo na parcela que no seu día cederon para este fin e que se acometa o traslado do transformador, tal e como demandan os veciños.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

19. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

20. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=20>

21. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN. Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170629&punto=21>

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:35 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.